



INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE LUGO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PRESENTADA CON DATA 3 DE NOVIEMBRE DE 2016 POR D. ELOY LÓPEZ MEDÍN, EN NOME PROPIO E EN REPRESENTACIÓN DE VARIOS TITULARES DE EXPLOTACIÓN DA PARROQUIA DE GUILFREI (CONCELLO DE BECERREÁ)

1. ANTECEDENTES

Con data 14 de xaneiro do 2000 foi presentada unha solicitude de concentración parcelaria ao abeiro da Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, para a parroquia de Guilfrei, Concello de Becerreá. A solicitude acompañábase das sinaturas de 43 propietarios.

A zona denominouse Guilfrei, número 270197.

Foi seleccionada de entre unha importante carteira de solicitudes para levar a cabo algúns dos traballos previos a decreto que contemplaba a normativa vixente nese momento:

- ST 3610: Colaboración de servizos técnicos para a redacción do estudo de impacto ambiental da zona de concentración parcelaria de Guilfrei. Orzamento de adxudicación: 20.100,00 €. Execución 2006-2007, pola empresa AGROCAD, C.B.
- ST 4782: Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a realización dos planos parcelarios e altimétricos da zcp de Santa Eulalia de Guilfrei (Proxecto cofinanciado nun 75 % con fondos FEADER 2007-2013). Orzamento de adxudicación 27.732,81 €, Executado entre os anos 2013-2014 pola empresa NORTAGRO, S.L..

Ten declaración de impacto ambiental, publicado no DOG do 27 de novembro de 2012 (Anuncio do 8 de novembro de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental da concentración parcelaria de Guilfrei (Becerreá)).

Con data 3 de novembro de 2016, recíbese neste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo unha nova solicitude, esta vez de reestruturación parcelaria de carácter público, amparados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Acompañan a solicitude 18 sinaturas de titulares de explotación identificados co seu código CEA e 14 propietarios da zona a maiores.

2. DATOS XERAIS DA ZONA

A zona a reestruturar está comprendida dentro do termo municipal de Becerreá, máis concretamente na parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei, no sector oriental da provincia de Lugo, a 52 km da capital de provincia, dentro da comarca dos Ancares.

Limita polo norte e polo leste coas parroquias de Armesto e Ferreiros de Balboa, dentro do mesmo concello; polo oeste coas de Vilouzán e Vilaestevo do Concello de Láncara e polo sur coas de Toldos e Torés, pertencentes aos concellos de Triacastela e As Nogais respectivamente. A superficie da parroquia é de 807 ha.

En termos urbanísticos, o Concello de Becerreá conta con normas subsidiarias de planeamento propias aprobadas o día 28 de abril de 1995. Na parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei está delimitado como Solo Urbano de Núcleo Rural o núcleo de Guilfrei. O criterio para a delimitación destes núcleos, atendendo ao establecido no Título V das NNSSPP provinciais e nos artigos 12 a 17 da LASGA, foi a existencia de agrupacións de vivendas e a aparición de relacións propias da vida comunitaria, tendo en conta os parámetros de número e densidade de vivendas e distancia entre as edificacións.





Cómpre salientar que a Lei 4/2015 permite a súa inclusión dos núcleos rurais no proceso de reestruturación parcelaria nos termos establecidos no artigo 40, sendo no momento do Decreto e na posterior fase de bases cando se considerará ou non a súa inclusión.

Becerreá conta con 2818 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2019, 1419 homes e 1399 mulleres, distribuídos 25 parroquias que compoñen o Concello.

Segundo as campañas de saneamento gandeiro do ano 2020, consultadas á data de emisión do presente informe, o Concello de Becerreá conta con 204 establos de vacún e 2.831 animais de >24 meses; o censo total de vacún ascende a 4.785 animais.

No tocante aos pequenos ruminantes, constan 87 estabulacións - algunhas delas coincidentes coas explotacións de vacún- cun censo de animais maiores de 24 meses que ascende a 599. O censo total á data de emisión deste informe é de 767.

Se nos referimos agora á zona que será obxecto das actuacións de reorganización da propiedade, como consecuencia da tramitación ambiental xa realizada e atendendo ós informes e consideracións da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no estudio de impacto da zona propónse a exclusión do proceso de reestruturación dunha parte importante da parroquia, facendo unha proposta aproximada de exclusión que haberá que concretar na fase administrativa de bases.

Polo tanto, en base ao especificado no punto 5.1.1. da DIA, “*excluíranse do proceso de concentración parcelaria unha superficie de 365,7 ha, dividida en cinco áreas no plano nº 1º “Directrices ambientais” do EIA e denominadas como “zonas a excluír”. Dentro das que se atopa a totalidade dos hábitats prioritarios (91E0* e6110*), case a totalidade dos hábitats 8230, 8220 e 8210, unha superficie importante do hábitat 4030, así como as carballeiras de Quercus robur, soutos de castiñeiros e outras frondosas autóctonas. As outras sete zonas máis pequenas identificadas como carballeiras ou castiñeiros asignaranse a un mesmo propietario ou á creación de subperímetros”*.”

Seguindo estas premisas chégase a unha proposta de exclusión de catro zonas cunha superficie total de 366 ha, e que engloba as principais zonas de interese ambiental da parroquia. A superficie a reestruturar sería, polo tanto, de 441 ha.

Na zona obxecto de estudo, en número de explotacións, a orientación predominante é o vacún, fundamentalmente de carne, aínda que hai algunha explotación mixta e de leite. A solicitude presentada inclúe sinaturas de titulares de explotación identificados polo seu código CEA de explotacións de vacún, xunto con sinaturas de particulares que non consignan código de explotación.

Para a análise, comprobaranse os códigos CEA das explotacións coa base de datos que dispón o Servizo de Gandería de Lugo para as campañas de saneamento 2020.

3. ANÁLISE DA PARROQUIA DE SANTA EULALIA DE GUILFREI E DA ZONA A REESTRUTURAR

A parroquia de Santa Eulalia de Guilfrei conta cunha poboación (INE, 2019) de 110 habitantes, dos cales 58 son homes e 52 mulleres, distribuídos nos lugares de Guilfrei e Narón.

As sinaturas presentadas correspondese con titulares/representantes de 18 explotacións de vacún, con código CEA válido, todas elas coincidentes con explotacións existentes nos rexistros oficiais.

En síntese, e á vista dos datos de censos gandeiros, e para continuar co criterio establecido na análise doutras parroquias, consideranse a efectos de avaliación aquelas explotacións incluídas nas campañas de saneamento (vacún de leite e de carne), pola súa dimensión e posible orientación de mercado, deixando fora do estudo, por tanto, as orientacións produtivas minoritarias (porcino, apicultura e equino e neste caso tamén os pequenos ruminantes por ser a súa representación testemuñal) ou non vinculadas a base territorial.





Táboa 1: Explotacións de vacún

LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións asinantes	Porcentaxe
Guilfei	22	18	81,81 %
Vacún de carne	17	13	76,47 %
Vacún de leite	3	3	100 %
Mixta	2	2	100 %

Táboa 2: Censos de vacún

Parámetro	Tipoloxía	Censo	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe	Variabilidade censo
Censos vacún >24 meses	Guilfrei	329	277	84,2 %	variación entre 44 a de maior tamaño e 1 a menor
	Vacún de leite	61	61	100 %	variación entre 33 a de maior tamaño e 6 a menor
	Vacún de carne	221	169	76,47 %	variación entre 44 a de maior tamaño e 1 a menor
	Mixta	47	47	100 %	variación entre 29 a de maior tamaño e 18 a menor
Censos totais	Guilfrei	573	478	83,42 %	variación entre 92 a de maior tamaño e 4 a menor
	Vacún de leite	99	99	100 %	variación entre 54 a de maior tamaño e 8 a menor
	Vacún de carne	404	309	76,48 %	variación entre 92 a de maior tamaño e 4 a menor
	Mixta	70	70	100 %	variación entre 26 a de maior tamaño e 44 a menor

En síntese, a ampla maioría de titulares de explotacións gandeiras de vacún amosan o seu interese en iniciar un procedemento de reestruturación parcelaria.

4. CARGAS GANDEIRAS

Analízase a continuación a carga gandeira referida ao gando vacún, así como o número de explotacións que contan con máis de 10 cabezas, para filtrar aquelas que teñen unha orientación máis adicada ao autoconsumo ou testemuñal.

Considerase 0,4 UGM para os animais de 1-12 meses e 0,6 UGM os animais de 12-24 meses


Parroquia	Superficie (ha)	Explotacións >10 cabezas	Reprodutores	12-24 meses	0-12 meses	UGM
Guilfrei	807	14	329	53	191	437,2

Para unha correcta interpretación dos datos, non se debe considerar a superficie total da parroquia posto que existen outros usos distintos dos terreos agrícolas (forestal, urbano, mato) que non están sendo obxecto de aproveitamento para a actividade agrícola e gandeira, así como outros que en virtude dos informes e consideracións da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental son propostos para a exclusión do proceso de reestruturación, o que xa se reflectiu en apartados anteriores, o deixaría unha superficie de actuación en torno ás 440 ha das que en torno ás 250 ha teñen a consideración de agrícola. As cargas gandeiras polo tanto ascenden chegando ás 1,75 UGM/ha recomendadas se consideramos unicamente a superficie que actualmente está sendo obxecto de aproveitamento forraxeiro ou de pastoreo.





A seguinte imaxe (**Imaxe 1**) recolle os usos do solo da parroquia, segundo o disposto no SIOSE (Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España)



A continuación, a **Imaxe 2** recolle o parcelario existente sobre ortofotografía da zona a reestruturar e zonas a excluir, de elaboración propia.





5. EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

No Concello de Becerreá non se levaron a cabo procesos de concentración/reestruturación parcelaria.

6. CONSULTA ABERTA A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

Co fin de dar cumprimento o artigo 7.4 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*, A Consellería do Medio Rural publicou unha consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesada coa finalidade de coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e propostas de mellora.

Para tal fin, con data 6 de xullo de 2020 realizouse unha publicación na páxina web da Consellería de Medio Rural e habilitouse un enderezo web (infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal) para que, durante un prazo de 15 días hábiles calquera persoa puidera manifestar o que tivera por conveniente sobre o particular.

O dito prazo finalizou o día 24 de xullo de 2020, sen que ata a data se teña recibido suxestión, queixa ou proposta para ser incluída no presente informe.

7. CONCLUSIÓN

Dos datos avaliados pódese deducir que a reestruturación parcelaria é desexada pola ampla maioría dos titulares de explotacións de vacún, sexan estas de leite ou de carne, orientacións principais. O feito de que asinaran persoas propietarias de fincas rústicas non fai senon reforzar o grao de aceptación social co que – a priori – contaría un proceso deste tipo.

Sería preciso unha análise mais exhaustiva dos territorios a concentrar, vinculación e relación entre as parroquias, usos, etc. co fin de determinar a idoneidade de reestruturar as zonas solicitadas en conxunto ou de xeito individual.

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo
María Pérez Folgueira
(Asinado dixitalmente)

